



Concello de Riotorto Xuntos pola compostaxe!

Contacto:
Concello de Riotorto
Praza das Rodrigues, 1, Riotorto
Tel: 982 346 222
info@concelloderiotorto.gal



Requisitos de inscrición

- Os veciños e veciñas interesados en participar no programa de compostaxe deben poñerse en contacto co Concello de Riotorto e facilitar os seguintes datos: **nome, apelidos, DNI e enderezo.**
- Deben dispor dun espazo de horta e/ou xardín de superficie aproximadamente 50 metros cadrados.
- Deben comprometerse a facer un uso responsable do composteiro cedido e a facilitar o seguimento por parte dos técnicos especialistas na materia.

A selección de participantes será por orde de solicitude.

“ Cada cidadán que composta
deixa de emitir á atmosfera uns
155 quilos de CO₂ ao ano. ”

Xuntos pola compostaxe!

Implantación e seguimento dun proxecto de compostaxe doméstica para os concellos de A Pontenova, A Pastoriza, Meira, Pol, Ribeira de Piquín e Riotorto.




Concello de Riotorto



Xuntos pola compostaxe!

Implantación e seguimento dun proxecto de compostaxe doméstica para os concellos de A Pontenova, A Pastoriza, Meira, Pol, Ribeira de Piquín e Riotorto.



Que é a compostaxe?


A compostaxe é unha práctica tradicional que permite converter os biorresiduos nun produto fertilizante natural e de calidade.

Elaborar o teu propio compost é sinxelo e moi beneficioso!

Que vantaxes ten?

Aforro na recollida do lixo, mellora na reciclaxe, redución de emisións de gases de efecto invernadoiro, obtención dun fertilizante orgánico natural, etc. Hai moitas razóns para pasarse á compostaxe!

“ O compost é un fertilizante natural para a terra que se obtén da degradación de restos de comida e vexetais misturados con materiais leñosos e secos que funcionan como estruturante. ”



Que depositar no composteiro?

Para obter un bo compost precísanse restos orgánicos o máis variados posible.

Pódese depositar

Restos da cociña: Restos de froitas e verdura, carne e peixe, cascas de ovos e froitos secos, pousos de café, pan, arroces, pastas, etc.

Pequenos restos do xardín e da horta: Follas, herba, restos de poda, restos da colleita da horta, serraduras de madeira natural, etc.

Non se pode depositar!

Cueiros desbotables, revistas ou papeis impresos a cor, cabichas, metais, vidro, varreduras da casa, etc.

